



DATOS IDENTIFICATIVOS

Traballo de Fin de Grao

| | | | | |
|-----------------------|--|--------|-------|--------------|
| Materia | Traballo de Fin de Grao | | | |
| Código | V10G061V01991 | | | |
| Titulación | Grao en Ciencias do Mar | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
| | 12 | OB | 4 | 2c |
| Lingua de impartición | #EnglishFriendly Castelán Galego Inglés | | | |
| Departamento | Xeociencias mariñas e ordenación do territorio | | | |
| Coordinador/a | Francés Pedraz, Guillermo | | | |
| Profesorado | Francés Pedraz, Guillermo | | | |
| Correo-e | gfrances@uvigo.gal | | | |
| Web | http://webs.uvigo.es/facultadecdomar/index.php/es/trabajo-fin-de-grado | | | |
| Descrición xeral | <p>O Traballo de Fin de Grao (TFG) é unha materia dentro do plan de estudos do título de Grao de Ciencias do Mar.</p> <p>É un traballo persoal que cada estudante realizará de forma autónoma baixo titorización docente e debe permitirlle mostrar de forma integrada a adquisición de contidos formativos e as competencias asociadas ao título de Ciencias do Mar.</p> <p>Materia do programa English Friendly. Os/ as estudantes internacionais poderán solicitar ao profesorado: a) materiais e referencias bibliográficas para o seguimento da materia en inglés, b) atender as titorías en inglés, c) probas e avaliacións en inglés.</p> | | | |

Resultados de Formación e Aprendizaxe

| Código | |
|--------|--|
| A1 | Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo. |
| A2 | Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo. |
| A3 | Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética. |
| A4 | Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado. |
| A5 | Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía. |
| B1 | Coñecer e utilizar o vocabulario, conceptos, principios e teorías relacionadas coa oceanografía e aplicar todo o aprendido nunha contorna profesional e/ou de investigación. |
| B2 | Planificar e executar traballos de campo e de laboratorio, aplicando as ferramentas e técnicas básicas para a mostraxe, adquisición de datos e análises na columna de auga, fondo e subsolo. |
| B3 | Recoñecer e implementar boas prácticas de medida e experimentación, e traballar de maneira responsable e segura tanto en campaña como en laboratorio. |
| B4 | Xestionar, procesar e interpretar os datos e información obtidos tanto en campo como en laboratorio. |
| B5 | Elaborar, executar e redactar proxectos básicos ou aplicados desde unha perspectiva multidisciplinar en oceanografía. |
| C1 | Coñecer a un nivel xeral os principios fundamentais das ciencias: Matemáticas, física, química, bioloxía e xeoloxía. |
| C2 | Adquirir coñecementos básicos de matemáticas (cálculo diferencial e integral) e estatística. |
| C3 | Describir o funcionamento da circulación global do océano, os seus forzamentos e as súas implicacións climáticas. |
| C4 | Saber, analizar e interpretar as propiedades físicas do océano de acordo coas teorías actuais, así como coñecer os instrumentos e técnicas de mostraxe máis relevantes. |

| | |
|-----|---|
| C5 | Formular as ecuacións de conservación da masa, a enerxía e o momento para fluídos geofísicos e resolvelas en procesos oceánicos básicos. |
| C6 | Adquirir os fundamentos e a terminoloxía dos procesos químicos. |
| C7 | Aplicar ao medio mariño e costeiro os principios e métodos utilizados en Química. |
| C8 | Coñecer os principais contaminantes, as súas causas e efectos no medio mariño e costeiro. |
| C9 | Adquirir coñecementos básicos sobre a organización estrutural e funcional e a evolución dos organismos mariños. |
| C10 | Coñecer a diversidade biolóxica e o funcionamento dos ecosistemas mariños. |
| C11 | Aplicar os coñecementos e técnicas adquiridos á caracterización e uso sustentable dos recursos vivos e os ecosistemas mariños. |
| C12 | Adquirir coñecementos sobre procesos e produtos relacionados cos ciclos xeolóxicos internos e externos. |
| C13 | Adquirir as técnicas e metodoloxías sedimentolóxicas, geoquímicas e geofísicas básicas empregadas en identificación, aproveitamento e sustentabilidade dos recursos naturais dos medios litorais e mariños. |
| C14 | Coñecer conceptos e feitos básicos do cambio global obtidos a partir de rexistros xeolóxicos. |
| D1 | Desenvolver a capacidade de procura, análise e síntese da información orientada á identificación e resolución de problemas. |
| D2 | Adquirir a capacidade de aprender de forma autónoma, continua e colaborativa, organizando e planificando tarefas no tempo. |
| D3 | Comprender o significado e aplicación da perspectiva de xénero nos distintos ámbitos de coñecemento e na práctica profesional co obxectivo de alcanzar unha sociedade máis xusta e igualitaria. |
| D4 | Capacidade para comunicarse por oral e por escrito en lingua galega. |
| D5 | Sustentabilidade e compromiso ambiental. Uso equitativo, responsable e eficiente dos recursos. |

Resultados previstos na materia

| Resultados previstos na materia | Resultados de Formación e Aprendizaxe | | | |
|--|---------------------------------------|----|-----|----|
| Aplicación dos coñecementos adquiridos ao longo do Grao. | A1 | B1 | C1 | D1 |
| | A2 | B2 | | D2 |
| | A3 | B3 | | D5 |
| | A4 | B4 | | |
| | A5 | B5 | | |
| Aplicación dos principios do método científico nos hábitos de traballo. | A1 | B1 | C1 | D1 |
| | A2 | B2 | | D2 |
| | A3 | B3 | | D3 |
| | A4 | B4 | | D4 |
| | A5 | B5 | | D5 |
| Uso das tecnoloxías da información para realizar buscas bibliográficas sobre un tema de traballo. | A1 | B1 | C1 | D1 |
| | A2 | B2 | C2 | D2 |
| | A3 | B3 | C3 | D3 |
| | A4 | B4 | C4 | D4 |
| | A5 | B5 | C5 | D5 |
| | | | C6 | |
| | | | C7 | |
| | | | C8 | |
| | | | C9 | |
| | | | C10 | |
| | | | C11 | |
| | | | C12 | |
| | | | C13 | |
| | | | C14 | |
| Planificación do traballo adaptándose ás condicións e prazos previamente estipulados. | A2 | B2 | | D1 |
| | A5 | B5 | | D2 |
| Traballo de xeito autónomo seguindo os procedementos descritos na bibliografía ou acordados previamente co supervisor. | A5 | B2 | | D1 |
| | | B3 | | D2 |
| | | B4 | | D3 |
| | | B5 | | D5 |
| Interpretación dos resultados acadados. | A1 | B1 | | D1 |
| | A2 | B2 | | D2 |
| | A3 | B3 | | |
| | A4 | B4 | | |
| | A5 | B5 | | |
| Redacción do informe sobre o traballo realizado seguindo as indicadas pautas. | A1 | B1 | C1 | D1 |
| | A2 | B2 | | D2 |
| | A3 | B3 | | D3 |
| | A4 | B4 | | D4 |
| | A5 | B5 | | D5 |

Presentación oral dos resultados obtidos.

| | | |
|----|----|----|
| A1 | B1 | D1 |
| A2 | B2 | D2 |
| A3 | B3 | D3 |
| A4 | B4 | D4 |
| A5 | B5 | D5 |

Contidos

Tema

Dada a súa especial natureza, a materia non ten contido propio, dependerá da materia asignada ao estudante, que poderá escoller calquera das liñas contidas na oferta TFG da Facultade. Debe terse en consideración a normativa de TFG da Facultade publicada na páxina web, pola cal se asignan o TFG e os respectivos Profesores Titores. Os traballos poden ser realizados e defendidos en galego, castelán e inglés. Tanto o idioma de realización como o de exposición constarán na acta individual de cada estudante.

Consideraranse os seguintes aspectos:

- A estrutura do TFG
- A redacción do TFG
- Inclusión de citas e como citar
- A defensa do TFG
- Preparación da presentación
- Formalización do documento de defensa

Planificación

| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|---------------------|---------------|--------------------|--------------|
| Presentación | 1 | 10 | 11 |
| Lección maxistral | 2 | 2 | 4 |
| Traballo tutelado | 0 | 282 | 282 |
| Aprendizaxe-servizo | 0 | 0 | 0 |
| Traballo | 2 | 1 | 3 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

| | Descrición |
|---------------------|--|
| Presentación | O TFG debe ser defendido ante un tribunal formado por tres profesores da titulación, nos termos establecidos nas normas da Facultade. |
| Lección maxistral | Dúas horas de clase están reservadas, onde o coordinador da materia de Traballo de Fin de Grao presentará as claves para a elaboración e defensa do TFG. |
| Traballo tutelado | Como resultado final, presentarase un informe axustado ás condicións establecidas nas normas da Facultade. http://mar.uvigo.es/index.php/es/alumnado-actual/trabajo-fin-de-grado |
| Aprendizaxe-servizo | Existe a posibilidade de cursar o TFG seguindo a metodoloxía Aprendizaxe-Servizo, sempre que esta posibilidade sexa ofrecida por un titor. Neste caso, a dedicación é de 8 horas presenciais e 282 horas de traballo persoal. Esta metodoloxía substitúe ao clásico traballo tutelado. |

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|---------------------|--|
| Traballo tutelado | Corresponderalle ao tutor asignado para cada TFG titorizar ao alumno no desenrolo do traballo elixido. O alumno que deberá acudir as titorías personalizadas para resolver dúbidas, principalmente nos horarios que indique o seu titor. Para optimizar o tempo, é necesario que o alumno contacte co profesor con antelación suficiente |
| Lección maxistral | O profesor coordinador e responsable das sesións maxistras poderá asesorar e titorizar aos estudantes no que se refire a estrutura, redacción, inclusión de citas e obtención do documento de defensa na aplicación do TFG. O alumno que o desexe poderá acudir a titorías personalizadas para resolver dúbidas, principalmente nos horarios que se indican. Para optimizar o tempo, é necesario que o alumno contacte co profesor con antelación suficien |
| Aprendizaxe-servizo | Corresponderalle ao tutor asignado para cada TFG titorizar ao alumno no desenrolo do traballo elixido. O alumno que deberá acudir as titorías personalizadas para resolver dúbidas, principalmente nos horarios que indique o seu titor. Para optimizar o tempo, é necesario que o alumno contacte co profesor con antelación suficiente |

Avaliación

| Descrición | Cualificación Resultados de Formación e Aprendizaxe |
|------------|---|
|------------|---|

| | | | | | |
|--|-----|----|----|----|----|
| Traballo Avaliación por parte do titor das competencias desenvolvidas polo alumno no traballo e na redacción da memoria final. Valor: 30% | 100 | A1 | B1 | C1 | D1 |
| Avaliación polo tribunal da memoria escrita e exposición oral. Valor: 70% | | A2 | B2 | | D2 |
| | | A3 | B3 | | D3 |
| | | A4 | B4 | | D4 |
| Na normativa de TFG da Facultade pódese atopar en detalle todo o procedemento que debe adoptar o alumno e o seu titor, tanto para a realización do TFG (memoria) como para a súa avaliación. | | A5 | B5 | | D5 |

Outros comentarios sobre a Avaliación

O Traballo Fin de Grao (TTG) réxese pola normativa aprobada na Xunta de Facultade e publicada na páxina web do centro.

A Comisión Académica de TFG, con anterioridade ao comezo do traballo, fará públicos os criterios de avaliación que utilizarán tanto o titor para emitir o seu informe como o tribunal para avaliar a memoria do traballo e o seu defensa.

Faranse públicos na páxina web <http://mar.uvigo.es/gl/alumnado/traballo-fin-de-grao/>) todos os prazos que alcanzan a presentación das memorias, as defensas e a presentación dos informes polos titores. Estes prazos serán aprobados pola Comisión Académica do TFG.

No caso de que o alumno supere a avaliación do Titor e non supere o TFG, o tribunal de avaliación emitirá un informe justificativo. Unha vez atendidas as recomendacións do informe, devandito alumno poderá volver presentar o TFG no período seguinte de avaliación.

Requírese do alumnado que curse esta materia unha conduta responsable e honesta. Considérase inadmisíbel calquera forma de fraude (copia ou plaxio) encamiñado a falsear o nivel de coñecementos e destrezas alcanzado en todo tipo de proba, informe ou traballo. As condutas fraudulentas poderán supoñer suspender a materia durante un curso completo. levará un rexistro interno destas actuacións para que, en caso de reincidencia, solicitar a apertura ao reitorado dun expediente disciplinario.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

Recomendacións

Outros comentarios

Como en todas as materias, o esforzo persoal é esencial, así como atender ás instrucións do titor e entregar o informe no decanato dentro dos prazos establecidos polo Comité Académico de TFG.

Recoméndase ler con atención as normativas relacionadas coa elaboración e defensa do TFG do Centro e toda a documentación relacionada que se pode atopar en

<http://mar.uvigo.es/index.php/es/alumnado-actual/trabajo-fin-de-grado>